

Sistema de Cualificación e Nota de Admisión

1. Cualificación da Parte Obrigatoria

Cada un dos exercicios da Parte Obrigatoria cualificarase entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A cualificación da Parte Obrigatoria será a media aritmética de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Considerarase superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade cando o estudante obtivese unha nota igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos como resultado da media ponderada do 60 por 100 da nota media do bacharelato (NMB) e o 40 por 100 da cualificación da Parte Obrigatoria (CPO), sempre que se obtivese un mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria da proba.

A cualificación da Parte Obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

2. Cualificación das materias da Parte Voluntaria

Cada unha das materias da Parte Voluntaria das que se examine o estudante será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

Considerarase superada cada unha das materias da Parte Voluntaria das que se examine o estudante cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos.

Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos.

Aos efectos do acceso á universidade, a cualificación das materias da Parte Voluntaria terá validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación; así, por exemplo, para alguén que superase a/as materia/s obxecto de exame na Parte Voluntaria da proba na convocatoria ordinaria ou extraordinaria do ano 2018, a validez destas será para o acceso á universidade no curso 2018-2019 e 2019-2020.

3. Superación da proba de avaliación da Bacharelato para o acceso á Universidade

O acceso á universidade española, tanto pública como privada, para cursar as ensinanzas conducentes á obtención dos distintos títulos das ensinanzas universitarias oficiais de grao, con validez en todo o territorio nacional, requirirá, con carácter xeral, a superación da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, sen prexuízo dos outros supostos previstos no Real Decreto 412/2014, de 6 de junio, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao.

Para os estudantes de Bacharelato LOMCE que superen a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade regulada polo Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, a Orde ECD/42/2018, de 25 de xaneiro e pola Resolución conxunta da Secretaria Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do ___ de febreiro de 2018 pola que se ditan instrucións para a realización, no curso 2017/2018, da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade para o curso 2018/2019, a súa nota de admisión será:

NAD (Nota de admisión) = 0,6 * NMB + 0,4 * CPO + a * M1 + b * M2	
NMB	Nota media do bacharelato
CPO	Cualificación da Parte Obrigatoria da proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU).
M1, M2	Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da Parte Obrigatoria, que proporcionen mellor nota de acceso.
a, b	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) que proporcionen mellor nota de acceso.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.